

# CALIDADE: MOTOR DE ÉXITO

## A ASOCIACIÓN TECNOLÓXICA INEO INFORMA SOBRE AS VANTAXES DE IMPLANTAR NAS EMPRESAS CERTIFICACIÓNS DO ÓPTIMO APROVEITAMENTO E XESTIÓN DOS SEUS RECURSOS



A implantación de certificacións de calidade por parte dunha empresa e o consecuente aumento das súas capacidades produtivas están a converterse en factores clave no viero de determinar o éxito da compañía.

A calidade nas empresas non só é garantía dunha meirande satisfacción para os clientes e unha mellora da produtividade senón que en tempos difíciles convértese na mellor carta de presentación perante a Administración.

Unha mostra desta clara aposta pola optimización dos recursos nas empresas son as últimas axudas destinadas ao sector das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) que presentou a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia. Nas bases para acceder a elas hai unha valoración clara dos referenciais de calidade, desenvolvemento, e seguridade da información, entre outros.

Tanto é así que o importe das subvencións pode chegar a duplicarse para aquelas firmas que posúan as certificacións oportunas en determinados ámbitos como por exemplo o desenvolvemento de software ou a xestión da seguridade da información, por exemplo. Ademais, dous criterios de valoración (un de até 30 puntos, e outro de até 15 puntos) aprecia o que tanto cliente como provedor se atope en disposición de certificacións de calidade como CMMI, ISO9001, ISO90003, ou ISO27000.

Neste sentido, Ineo, a asociación galega de empresas ligadas ao eido das novas tecnoloxías da información, vén desenvolvendo nos últimos anos toda unha liña de proxectos destinados á implantación de sistemas de calidade para as compañías galegas do sector das canles dixitais do coñecemento.

Ao longo dos últimos tres anos, Ineo desenvolveu toda unha liña de proxectos no eido da calidade cos que 30 empresas socias conseguiron implantar ou están en proceso de implantación dun total de 51 certificacións da súa óptima capacitación

que permiten ás empresas mellorar en distintos ámbitos:

-Calidade nos procesos de desenvolvemento de software (ISO12207:1995, ISO90003:2004 e CMMI).

-Calidade en calquera actividade relacionada co proceso de produción (ISO9001:2000, ou a recentemente aprobada ISO9001:2008).

de calidade e que no resto de España tan só hai 25 organizacións que a posúen.

Ademais da mellora da imaxe de marca de cara ao exterior, o aumento da credibilidade da compañía e a mellora do posicionamento no mercado, está máis que comprobado que, no que se refire nivel interno, a implantación de sistemas de calida-



-Calidade na xestión de servizos relacionados coas Tecnoloxías da Información e Comunicación (ISO20000:2005).

-Xestión da seguridade da información (UNE-ISO/IEC 27001:2005).


No caso da seguridade da información, demóstrase que as pequenas e medianas empresas galegas do sector TIC están a realizar un esforzo moi positivo para a obtención das correspondentes acreditacións da súa capacitación. De feito, Galicia é neste senso unha comunidade de referencia na implantación desta norma se temos en conta que durante o 2009 dez empresas de Ineo obterán o correspondente certificado

de en calquera ámbito incrementa a motivación do persoal da propia empresa, o que se traduce nunha maior produtividade e nun aumento da captación e retención de clientes.

Que desde a Administración se valore a calidade nas pequenas e medianas empresas e se apoie claramente a adopción de modelos e referenciais por parte das compañías, é unha mostra clara de que a mellora continua faise imprescindible para o aumento da competitividade no contexto do mercado actual.

Máis información sobre estas actividades e recursos de Ineo en [www.ineo.org](http://www.ineo.org).

## Valoración dos clientes dos produtos e servizos da empresa



O aspecto máis valorado polos clientes das empresas do sector é a calidade (4,51) en contraposición ao prezo que é o menos valorado (3,76). Isto pon de manifesto que as empresas están a apostar pola diferenciación.

## En marcha un programa para a inserción laboral tecnolóxica

Ineo está a formar a 30 profesionais nuns perfís profesionais moi específicos e moi demandados polo mercado tecnolóxico para que se incorporen ás empresas a partir de marzo deste ano. Os perfís nos que se capacitan arestora aos futuros traballadores correspóndense cos dun analista funcional e o dun programador.net. Estes candidatos a seren contratados polas empresas de Ineo están a recibir un curso de formación de 240 horas lectivas en centros de formación homologados nas cidades de Vigo e de A Coruña. INSER-TIC é un proxecto promovido por CONETIC, [Confederación Española de Empresas de Tecnoloxías da Información] da que Ineo forma parte e na que participan outras asociacións do sector do resto de España. Financiado polo Ministerio de Traballo, o programa pretende formar a profesionais en distintas especializacións técnicas garantindo que no prazo de seis meses trala impartición das accións formativas se contrate ao 60% dos alumnos que superaron con éxito o proceso formativo.

Segundo apunta a asociación empresarial galega, a realización deste programa formativo correspóndese cun obxectivo estratéxico propio de seu, que é o de responder ás necesidades de cualificación permanente dos profesionais do sector TIC en Galicia, representados no seo da entidade, para asegurar a mellora das súas competencias individuais e o seu desenvolvemento profesional. Desde a asociación consideran que a formación, tanto dos/as mozos/as que se incorporan como novos profesionais á actividade como a dos/as xa empregados/as, é un elemento vital de avance xeral e satisfacción do persoal. Máis aínda no caso dun sector que basea a súa actividade en valores intanxibles intensivos en coñecemento e no que o capital intelectual é o principal activo. Actualmente o sector TIC é unha fonte de emprego de gran crecemento para persoal cualificado, sobre todo de carácter técnico.